



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G003/001093

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación da relación de persoas autorizadas para participar no Mercado Modernista 2022)

Expediente orixe: 2022/X999/000404

### ANTECEDENTES

1. A Concellería de Cultura convocou o Mercado Modernista 2022, dentro do programa de contidos para celebración da XI Feira Modernista de Sada, con bases reguladoras aprobadas mediante o decreto de alcaldía núm. 878/2022 de 22 de xuño.
2. A Concelleira de Cultura presenta unha proposta para a aprobación do listado de solicitudes admitidas e denegadas, logo de revisar a documentación presentada e aplicar os criterios de valoración recollidos nas bases reguladoras.
3. Na súa proposta, a Concelleira de Cultura sinala que non se cubre o total de postos ofertados nesta convocatoria, quedando vacantes 4 postos que poderán ser obxecto dunha nova convocatoria pública.

Por todo o que antecede e segundo a competencia que lle outorga o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte relación de solicitudes admitidas e excluídas para a participación no Mercado Modernista 2022, consonte as condicións, datas e horarios aprobadas nas bases reguladoras do mesmo:

	SOLICITANTE	NIF	DENOMINACIÓN E PRODUTOS
1	Jorge Saura Martínez	***4806**	Reproducións en madeira
2	Iago Celada García	***1905**	Complementos
3	Cecilia Machado	***9803**	Artesanía macramé
4	Valilongo, S.L.	B67985242	Produtos artesanais alimentación
5	Gustavo Marcelo Helling Perlini	***7115**	Xoiería
6	María Teresa Palacios	***5883**	Alimentación artesana
7	Violeta Papín Estévez	***6768**	Bixutería e complementos

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

8	Patricia Juan Serralle Marentes	***1701**	Artesanía téxtil
9	María Dolores Rodríguez	***5863**	Bixutería
10	Uladzimir Rusak Kuzmin	***6604**	Xoiería e bixutería con xemas orgánicas
11	Marretera Conservas	***7917**	Conservas artesanais
12	Concepción Fernández Abad	***3264**	Pedras tatuaxe decorativo
13	María Luz Ripa Dias	***1960**	Antigüidades/ Demostración restauración
14	John Bernard Gonzalez Pérez	***4890**	Orfebraría/ Xoiería
15	Gabriela Elvira García	***0477**	Repostería creativa
16	Alejandra María Alonso Iglesias	***9821**	Complementos
17	Ana Isabel Novo Barreiro	***1974**	Complementos e bixutería
18	Luis Fernando Jimenez Bernal	***7231**	Alimentación artesana
19	Julio Ordoñez Domínguez	***7243**	Figuras populares

**Segundo.-** Autorizar a ocupación dos postos correspondentes, consonte as condicións, datas e horarios aprobadas nas bases reguladoras da convocatoria.

**Terceiro.-** Eximir ás persoas autorizadas do pago de taxas, en virtude do establecido nas disposicións finais das bases reguladoras e consonte o artigo 2.2.a) da Ordenanza Municipal núm. 16, reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, industrias de rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficas.

**Cuarto.-** Entender por desistida a seguinte solicitude, polo motivo que se describe:

SOLICITANTE	NIF	MOTIVACIÓN
Encarna Blanco Sánchez	***3667**	Non emenda a documentación requirida ao comunicar falta de dispoñibilidade de datas por ter obtido praza noutro mercado

**Quinto.-** Notificar esta resolución ás persoas interesadas e publicar a resolución na páxina web municipal [ww.sada.gal](http://ww.sada.gal).

**Sexto.-** Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, as persoas afectadas poden interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. Se optasen por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).